



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CURTIS

Exposición pública padrón da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local pola ocupación do solo con postos nos mercados do Concello de Curtis

ANUNCIO

Mediante Decreto da Alcaldía n.º 13/2025 de data 10/01/2025, apróbase provisionalmente o Padrón da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local pola ocupación do solo con postos, barracas, casetas de venda en feiras e mercado, correspondente ao exercicio 2025.

O padrón quedará exposto ao público nas oficinas municipais durante 15 días, contados a partir do día seguinte ao que se publique este anuncio no BOP, prazo durante o cal os interesados poderán examinalo e formular alegacións. De non presentarse alegacións o padrón adquirirá o carácter de definitivo.

Contra as liquidacións comprendidas no Padrón poderase interpor recurso de reposición, no prazo dun mes, a partir da finalización do prazo de exposición ao público, ao abeiro do artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TR da Lei Reguladora das Facendas Locais. Contra a resolución recaída poderá interpor recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da notificación de dita resolución, ou ben no prazo de seis meses se non recae resolución expresa no prazo dun mes dende a interposición do recurso de reposición.

O presente edicto ten carácter de notificación colectiva, de acordo co artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e de anuncio de cobranza, segundo o artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Curtis, 13 de xaneiro de 2025.

O Alcalde,

Javier Fco. Caínzos Vázquez